






CURSO RESPONSABILIDADE SOCIAL DE XÉNERO



Índice

1.	FUNDAMENTACIÓN	1
2.	OBXECTIVOS.....	2
3.	CONTIDO.....	3
4.	PERSOAS DESTINATARIAS	4
5.	METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS	4
6.	CALENDARIO/PLANIFICACIÓN.....	5
7.	AVALIACIÓN.....	5
8.	EQUIPO DOCENTE.....	5
9.	REFERENCIAS BIBIOGRÁFICAS	6

0. INFORMACIÓN DO CURSO

 Duración	100 horas
 Lugar	En liña –Plataforma Moodle
 Datas	Do 15 de xuño ao 15 de outubro de 2021
 Horario	NA
 Prezo	Persoas colegiadas: 110€ Persoas non colegiadas: 140€

NOTA: A renuncia ás prazas adjudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes do cinco días naturais anteriores ao comezo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

1. FUNDAMENTACIÓN

A definición internacional sobre o Traballo Social consensuada en Melbourne en xullo de 2014 di que “O traballo social é unha profesión baseada na práctica e unha disciplina académica que promove o cambio e o desenvolvemento social, a cohesión social, e o fortalecemento e a liberación das persoas. Os principios de xustiza social, os dereitos humanos, a responsabilidade colectiva e o respecto á diversidade son fundamentais para o traballo social. Apoiada polas teorías do traballo social, as ciencias sociais, as humanidades e os coñecementos indíxenas, o traballo social involucra ás persoas e as estruturas para facer fronte a desafíos da vida e aumentar o benestar.”

Se temos en conta que o cometido da Responsabilidade Social Corporativa é a procura do desenvolvemento sostible das organizacións a través das persoas que teñen influencia ou sexan influenciadas polas súas accións, é fácil entender por qué os/as Traballadores/as Sociais somos una peza imprescindible como axentes de cambio nas mesmas.

A Igualdade de Xénero é recoñecida a nivel mundial como un dereito humano, e é considerada clave para o desenvolvemento económico, social e democrático por organizacións internacionais como o Foro Económico Internacional ou a OCDE.

Neste contexto, a Igualdade de Xénero constitúe por sí mesma un criterio máis na actuación das empresas socialmente responsables, xa que implica comportarse dacordo cos principios de xustiza e equidade no trato de mulleres e homes, incorporando medidas que promovan a igualdade efectiva entre ambos, e atendendo aos impactos diferenciados da súa actividade nos dous colectivos.

A Igualdade de Xénero supón que os diferentes comportamentos, aspiracións e necesidades inherentes as mulleres e aos homes se consideren, se valoren e se favorezan equitativamente. Non conleva polo tanto, que as mulleres e os homes deban chegar a ser iguais, senón que os seus dereitos, as súas responsabilidades e as súas oportunidades non dependan do feito de haber nacido muller ou home.

Este curso desenvolve o seu contido para que a clave de Xénero impregne todos os aspectos da RSC, e non só por motivos de xustiza social, senón porque a diversidade e a integración plena e equilibrada das mulleres nas empresas conleva vantaxes e ten sentido dende o punto de vista do negocio. A RSX é rentable. As empresas caracterizadas pola diversidade son capaces de atraer unha clientela máis ampla, reúnen máis destrezas para recoñecer novos mercados potenciais e ofrecen un servizo máis axustado as necesidades individuais que a nova sociedade demanda.

2

2. OBXECTIVOS

- Impartir formación en materia de RSC e de RSX aos e ás profesionais do Traballo Social e a outros profesionais interesados, a través do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, con fin de que coñezan e adquiren competencias para desenrolar os seus propios proxectos de Emprendemento e Innovación Social de RSC incorporando accións e boas prácticas dende a Perspectiva de Xénero.
- Coñecer que é a Responsabilidade Social Corporativa, a súa historia e os seus actores principais, para ter una visión máis ampla e clara da mesma, complementando o curso anterior con contido específico sobre a RSC de Xénero.

- Comprendre os conceptos de RSC e RSC de Xénero mellorando a súa empregabilidade e ampliando a súa rede de contactos profesionais.
- Explorar novas perspectivas e novas posibilidades profesionais para os/as Traballadores/as Sociais dende a Responsabilidade Social Corporativa de Xénero.
- Coñecer casos, accións e boas prácticas, de organizacións que aplican a RSC dende a perspectiva de Xénero no seu modelo de negocio e adquirir as destrezas para implementar os seus propios modelos nas organizacións e/ou nas empresas.

3. CONTIDOS

■ Módulo 1

- Que é e que non é RSC?, Evolución, Concepto e Axentes implicados.
- Identificación dos Grupos de Interés ou “Stakeholders” e xestión da súa relación.
- O Código Ético. Estrutura e contido do C.E.

■ Módulo 2

- A imaxe corporativa.
- A cultura corporativa. A misión. A visión. Os valores. O valor do Marketing Social.
- A RSC como oportunidade laboral para o Traballador Social.
- A RSC como elemento cohesionador da empresa e a sociedade
- A figura do Traballador Social como axente de RSC.

■ Módulo 3

- A dirección para a Igualdade nas Organizacións.
- Recomendacións e Medidas.
- Ámbitos de actuación.
- Indicadores Básicos.

■ Módulo 4

Iniciativas de RSX internas á Organización:

- Xestión das persoas con perspectiva de xénero.
- Recrutamento, selección e contratación.
- Promoción profesional e Retribución.
- Formación continua.
- Conciliación da vida laboral, familiar e social.

■ Módulo 5

Iniciativas de RSX Externas á Organización:

- As Organizacións como promotoras da Igualdade de Xénero nas comunidades locais.
- Promoción da Igualdade entre socios, provedores e clientes.
- O compromiso coa Igualdade na cadea de valor.
- Exemplos de Accións responsables e Casos de éxito.

■ Módulo 6

- Práctica final individual.
- Cuestionario de Evaluación final.

4

4. PERSOAS DESTINATARIAS

Profesionais do Traballo Social, da Educación e dos RR.HH, que queiran ampliar a súa formación para traballar en empresas privadas, ONG`s e administracións públicas aplicando a RSC dende a perspectiva da Igualdade de Xénero, con propostas enfocadas neste tipo de accións. Tamén os/as profesionais deste campo que queiran explorar novas posibilidades para o exercicio libre da profesión e alumnos doutros cursos que queiran profundizar no tema.

5. METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS

Esta formación impartirase online, a través da plataforma de formación do COTSG, utilizando activamente o foro de consultas, videos, temarios en PDF e lecturas complementarias.

6. CALENDARIO/PLANIFICACIÓN

A acción formativa, de 100 horas de duración, desenvolverase desde o 15 de xuño ao 15 de outubro de 2021.

7. AVALIACIÓN

Ao final de cada tema esporase un cuestionario de avaliación ou unha proposta de exercicios prácticos e lecturas, segundo o tema, xunto con un cuestionario de avaliación final e unha práctica individual o final do curso.

8. EQUIPO DOCENTE

María Soliño Barcia, Traballadora social, escritora, perito social e mediadora. Experta Universitaria en Responsabilidade e Innovación Social pola Cátedra **Inditex-UDC** de Responsabilidade Social Corporativa.

Directora de **QUORUM Mediación**, (quorummediacion.com), Consultoría Social e de Ética Empresarial, en Vigo.

Traballadora Social na Casa de Acollida para mulleres xestantes e/ou con menores de dous anos, Santa Isabel, en Vigo.

Perito Social do Equipo Psicosocial de Reforzo do **IMELGA** na Subdirección Territorial de Pontevedra, 2017/18.

Formación en Coaching, Xénero e Igualdade, así como tamén en atención a Víctimas de Violencia de Xénero.

- Docente na Cátedra de Responsabilidade Social e Innovación Social **INDITEX/UDC**. 2019
- Docente do **COTSG**, do curso online “O traballo social nas empresas”, ed. 2018
- Docente Talleres Prácticos de Mediación, **UDIMA**. 2018

Durante dous anos coordinou e dirixiu o equipo de Atención Social e o SAF (Servicio de Axuda no Fogar), da Federación de veciños de Vigo, desenvolvendo diferentes proxectos Socias e sendo responsable de RR.HH.

Foi Presidenta de **CIMAC 2016**, I Congreso Internacional de Mediación, Arbitraje e Compliance, onde tamén presentou a ponencia **“La Mediación como estrategia en la RSC de la Empresa”**.

Autora do artigo publicado na revista do COTSG, “**A RSC, ¿oportunidade ou necesidade ?**”; e dos artigos no blog de “A Mediar Granada”, “**La mediación en el ámbito rural**”, e “**Mediación intergeneracional: Verano e hijos adolescentes**”.

9. REFERENCIAS BIBIOGRÁFICAS

Eva Velasco, Covadonga Aldamiz-Echevarría, Sara Fernández de Bobadilla, M. Gurutze Intxaurburu, Izaskun Larrieta. 2013, *Guía de Buenas prácticas en responsabilidad social de género*, Madrid. Ed. Pirámide.

Cristian Rovira. 2016, *Responsabilidad Social Competitiva*, Barcelona. Ed. Empresa Activa.

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA



981 568 100



Rúa Dublín, 6
15707 Santiago de Compostela | A Coruña



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia